

Carta de Consumo Responsable e Solidario

O sector agroalimentario galego ten demostrado estar ao máis alto nivel respecto da calidade e seguridade alimentaria dos produtos que ofrece no mercado, podendo competir de igual a igual con calquera outro país da nosa contorna.

Neste compromiso coa calidade, ten feito unha aposta decidida polo aproveitamento sostible dos recursos naturais e pola recuperación de especies, razas e variedades tradicionais adaptadas ao noso hábitat, que permiten dar aos nosos produtos e ás nosas elaboracións unha personalidade propia, ligada ao noso clima e territorio, polo tanto inimitable.

Como garantía de orixe e singularidade, moitas das nosas explotacións agrarias, pequenos negocios artesanais e distintas industrias transformadoras e elaboradoras teñen dado un paso máis, etiquetando os seus produtos en galego. Tamén algunhas empresas de comercialización e distribución optaron por rotular os seus negocios e facer as súas campañas de publicidade en galego.

A iniciativa privada, que busca a excelencia nas súas elaboracións ao tempo que desenvolve as súas iniciativas en sintonía coa nosa singularidade e incorpora outros valores inmateriais aos seus produtos, precisa de persoas consumidoras responsables e solidarias.

As xentes deste país somos herdeiros dunha historia, dunha cultura e dunha tradición, que significa para nós un gran privilexio pola riqueza herdada dos nosos devanceiros, máis unha grande responsabilidade pola herdanza que debemos deixarlles aos nosos descendentes.

Por iso, cando eliximos os produtos a consumir, temos a opción de escoller aqueles que están a manter unha economía sostíbel e que xeran riqueza, valor engadido e emprego de proximidade, ao tempo que axudan a manter viva unha cultura, unha lingua e unha forma de ser.

Temos un deber **responsable** á hora de decidir por que produtos optamos, coa conciencia de que os produtos galegos contribúen ao noso desenvolvemento económico, permiten fixar poboación e garanten a pervivencia do noso país.

Temos un deber **solidario** con aquelas persoas emprendedoras que deron o paso arriscado de etiquetaren en galego as súas elaboracións ou utilizan o noso idioma na súas campañas de promoción e comunicación, colaborando no mantemento dos nosos valores identitarios.

Por todo isto, asinamos esta **Carta de CONSUMO RESPONSABLE E SOLIDARIO**, co compromiso de optar por aqueles produtos galegos, etiquetados e comercializados na lingua que herdamos dos nosos antepasados, e que queremos manter viva e transmitírllela á nosa descendencia.